

Memoria Económica do Mestrado Interuniversitario  
en Economía Circular.

UniversidadeVigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

## 1. Persoal Académico

Neste documento incluírase información relativa ao profesorado necesario para a titulación pertencente ao PDI da Universidade de Vigo e mais persoal externo vinculado á Universidade de Vigo.

### 1.1 PDI da titulación

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
<i>Universidade Vigo</i>	Catedrático Univ.	25	100	25
<i>Universidade Vigo</i>	Titular Univ.	45	100	45
<i>Universidade Vigo</i>	Contrat. Doutor	15	100	15
<i>Universidade Vigo</i>	profesor externo	15	0	15

Podería considerarse que na anterior distribución existe un número demasiado elevado de Catedráticos de Universidade, en relación á distribución do profesorado no conxunto da Universidade de Vigo: 17% Catedrático Universidade, 54% Titular Universidade, 23% Contratado Doutor.

Sen embargo, os datos da táboa 1.1 foron elaborados tendo en conta as mostras de interese, tanto de persoas como departamentos ou Escolas e Facultades, que teñen expresado o seu interese en participar neste novo título, e que enumerados a continuación:

- Facultade de Química, e os diferentes departamentos de enxeñería química que o conforman.
- Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía, e os diferentes departamentos de enxeñería química que o conforman.
- Escola de Enxeñería Industrial, e varios dos departamentos con docencia nesta Escola.
- centro de investigación Ecobas, e como consecuencia os docentes que o integran, e son á súa vez membros dos departamentos que participan na Facultade de Económicas e Empresariais.
- Diversos profesores membros da Facultade de Ciencias do Mar e da Facultade de Bioloxía, pertencentes a diferentes departamentos: Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, Ecoloxía e Bioloxía Animal, Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, Fixioloxía Vexetal.

Se temos en conta a composición do persoal nestas escolas e departamentos, a distribución é como segue: 23% Catedrático Universidade, 60% Titular Universidade, 17% Contratado Doutor.

Debemos supoñer unha composición similar, tanto na Universidade da Coruña como na Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos contactos que temos mantido dentro do grupo de traballo para a redacción da memoria da nova titulación.

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
Uvigo	Catedrático Univ.	93	permanente	X		93	483	372
Uvigo	Titular Univ.	245	permanente	X		245	1053	490
Uvigo	Contrat. Doutor	68	permanente	X		68	190	82

A táboa 1.2 foi elaborada seguindo unha metodoloxía similar respecto á táboa 1.1. Nesta caso, tívose en conta a distribución do número de quinquenios e sexenios entre as diferentes categorías de persoal, e polo tanto a distribución per cápita dos mesmos. Estes datos son estimativos, pois neste momento non coñecemos a distribución exacta do profesorado entre as diferentes materias da nova titulación.

Debemos supoñer unha composición similar, tanto na Universidade da Coruña como na Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos contacto que temos mantido dentro do grupo de traballo para a redacción da memoria da nova titulación

TÁBOA 1.1:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
<i>Universidade Vigo</i>	profesor externo	15	0	15

En verdade non sería necesario dispoñer de novo profesorado para a docencia do novo título. Sen embargo, consideramos apropiado que unha parte do profesorado este composto por expertos do ámbito da industria, das empresas ou da administración pública, naquelas materias nas que a súa participación poida mellorar a aprendizaxe practica do estudantado.

## 1.2 Outros recursos humanos

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais será a responsable do título, pois entre outras razóns é a sede do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS que aglutina investigadores en economía circular que son IPs de proxectos nacionais e europeos nesta materia.

En consecuencia, na categoría de “Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc...)” debemos incluír os que podería por a disposición do novo título a Facultade de Económicas e Empresariais de Vigo. Ademais, o centro interuniversitario ECOBAS poderá proporcionar apoio nas tarefas administrativas e de comunicación que poida precisar o Mestrado.

Non temos identificado a necesidade recursos humanos adicionais, mais aló dos xa dispoñibles. Na actualidade a Facultade conta con 15 PAS Funcionario e 8 PAS Laboral, con dedicación a tempo completo, e que desenvolven diferentes tarefas: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc.

## 2 Recursos materiais e servizos

Tomando como referencia a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, describimos a continuación os espazos que poderían estar a disposición do novo título, así como a posible necesidades de novas dotacións.

### 2.1 Espazos dispoñibles

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aula de docencia	Aula para a docencia presencial cando o profesor responsable sexa da Universidade de Vigo, e aula para atender a docencia virtual realizada por profesorado das outras universidades (UDC, USC)	Entre 10 e 15 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		
Aula de docencia	<p>Existirá unha única aula vinculado ao novo título na Universidade de Vigo, que será indistintamente empregada polos estudantes para atender tanto a docencia presencial como virtual.</p> <p>A aula estará dotada cun equipo informático, un proxector, un sistema de son, e unha webcam.</p> <p>Ademais, deberá dispoñer dunha mesa para o profesor e mais das mesas necesarias para os estudantes, así como conexión eléctrica para os equipos portátiles dos estudantes, e mais conexión wifi.</p>	
Laboratorio .....	Non é necesario dispoñer de laboratorio	

## 2.2 Novos espazos necesarios

Se eventualmente o espazo anterior non estivera dispoñible de maneira permanente para a nova titulación durante todo o curso académico, sería necesario acondicionar outros espazos.

O novo espazo necesario existe fisicamente na Facultade, pois dispón de espazos sen uso na actualidade que reúnen as condicións necesarias. Sendo necesario unicamente habilitar algunha infraestrutura adicional, como por exemplo mesas para os estudantes con conexión eléctrica para os equipos portátiles dos estudantes, un equipo informático para o profesor, un proxector, un sistema de son, e unha webcam.

Por outra banda, O centro interuniversitario de investigación ECOBAS ten un espazo coas condicións antes mencionadas para reunións telemáticas entre investigadores do centro. Este espazo podería ser utilizado eventualmente

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Aula de docencia	Aula para a docencia presencial cando o profesor responsable sexa da Universidade de Vigo, e aula para atender a docencia virtual realizada por profesorado das outras universidades (UDC, USC)	Entre 10 e 15 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		
Aula de docencia	<p>Existirá unha única aula vinculado ao novo título na Universidade de Vigo, que será indistintamente empregada polos estudantes para atender tanto a docencia presencial como virtual.</p> <p>A aula estará dotada cun equipo informático, un proxector, un sistema de son, e unha webcam.</p> <p>Ademais, deberá dispoñer dunha mesa para o profesor e mais das mesas necesarias para os estudantes, así como conexión eléctrica para os equipos portátiles dos estudantes, e mais conexión wifi.</p>	

Laboratorio .....	Non é necesario dispoñer de laboratorio
-------------------	-----------------------------------------

### 2.3 Novos equipamentos necesarios

Novo equipamento necesario na U Vigo.

NOVO EQUIPAMENTO		
DENOMINACIÓN E NÚMERO DE UNIDADES	DESCRIPCIÓN XENÉRICA	CUSTE APROXIMADO
1	tableta gráfica	500 €

Equipamento necesario cando sexa preciso dotar dos mesmos a un novo espazo, de acordo co descrito anteriormente no epígrafe 2.2 “Novos espazos necesarios”

NOVO EQUIPAMENTO		
DENOMINACIÓN E NÚMERO DE UNIDADES	DESCRIPCIÓN XENÉRICA	CUSTE APROXIMADO
1	equipo informático	500 €
1	un proxector	200 €
1	un sistema de son	50 €
1	unha webcam	50€

O mantemento, revisión e actualización do equipamento será realizado polo centro, contando para tal fin co PAS nalgunhas destas tarefas, como ven sendo habitual.